

Villa Saboya ou Ville Savoye (Le Corbusier)

DATOS TÉCNICOS DA OBRA.

Cronoloxía: 1929

Autor: Le Corbusier

Estilo: Arquitectura racionalista do século XX

Localización: Poissy (nas aforas de París, Francia)



CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.

O gran crecemento da cidade moderna ao longo do século XX obrigou a seguir planificando o seu desenvolvemento urbanístico e a buscar novas solucións de habitabilidade. Ademais, as consecuencias das dúas Guerras Mundiais marcaron a evolución da arquitectura e do urbanismo occidentais.

No período de entreguerras (anos 20 e 30), xurdiu en Europa unha corrente progresista que dominaría a arquitectura do XX e chamada, indistintamente, Racionalismo, Funcionalismo ou Estilo Internancional, o que supuxo un cambio radical na concepción do espazo habitado.

Os obxectivos desta corrente foron a funcionalidade, o urbanismo e a mellora das condicións físico-hixiénicas dos espazos humanos. Para iso, os edificios proxectáronse segundo a súa función, dando lugar a tipoloxías ben diferenciadas.

Os trazos básicos desta corrente arquitectónica foron: o emprego de novos materiais como o vidro, o aceiro e o formigón armado; o uso práctico e funcional; a substitución das columnas e dos arcos polos piares, dominando agora a liña recta a arquitectura; a composición formal a base de superficies sinxelas e ortogonais, con espazos lixeiros, continuos e dinámicos, predominando as prantas diáfanas e sen recorrer a unha decoración superposta.

Neste uso de novos materiais e formas construtivas os grandes mestres foron Gropius, Mies van der Rohe, Le Corbusier e Wright, quen crearon obras paradigmáticas desta nova arquitectura dende propostas e enfoques distintos.

Le Corbusier (1887-1965) foi un pintor, teórico e arquitecto franco-suízo, considerado a principal figura mundial da arquitectura moderna.

As súas teorías amosaban novos principios e formas de facer arquitectura mediante a xeometría e as proporcións, principios relacionados coa época das máquinas, do progreso, da harmonía e da racionalidade construtiva.

Os 5 postulados básicos da arquitectura de Le Corbusier eran: o uso de bloques elevados sobre piares cilíndricos ou pilotes (separando o edificio do terreo, quedando aquel como suspendido no espazo); cubertas planas e axardinadas a xeito de terrazas; prantas libres (os tabiques son prescindibles ao non soportar pesos); fachadas independentes da estrutura e cun deseño libre; fiestras grandes e alongadas cunha maior iluminación e ventilación.

A carreira de Le Corbusier reflicte a súa preocupación polas transformacións urbanas e paisaxísticas da sociedade industrial, aportando conceptos fundamentais e de gran repercusión como os bloques colectivos que serían o prototipo de vivenda social da posguerra.

Entre as súas obras máis destacadas, recordemos a Villa Saboya (que imos comentar de seguido), a Unidade habitacional ou a Igrexa de Ronchamp.

ANÁLISE FORMAL DA OBRA.

A construción, construída en formigón armado e aceiro, foi encargada por unha familia de apelido Savoye. Trátase dunha vivenda particular, e todos os elementos están pensados para proporcionar o máximo confort e funcionalidade.

Este edificio atópase en medio dun **xardín**, que pode verse dende a vivenda a través dos seus grandes ventanais. A vivenda, en forma de **paralelepípedo branco**, elévase sobre delgados **pilotes** de aceiro.

A vivenda ten **pranta rectangular**, con **tres pisos** que se elevan en **altura**.

-Na **pranta baixa**, entre pilotes, sitúase o garaxe (de tres prazas) e a zona de servizo. No centro iníciase unha rampa que ascende aos outros dous pisos e que é o elemento en torno ao que se artella o edificio.

-No **primeiro piso** o elemento central é unha gran terraza-xardín, arredor da cal sitúanse o salón, a cociña e as habitacións.

-Na **azotea**, o edificio conta cun solárium e outra terraza. A través dunha fina pantalla de formigón disfrútase de fermosas vistas da paisaxe circundante.

O seu **exterior** é un claro exemplo dos preceptos da **arquitectura racionalista**: proporción, simplicidade, uso de volumes e formas elementais xeométricas (o rectángulo na pranta e o cubo no alzado) e ausencia de elementos decorativos superfluos, pois son o propio deseño do edificio e a súa cor rotundamente branca os que aportan estética, seguindo a premisa racionalista de que **"o funciona ben, é fermoso"**.

A unha hora escasa de París, Villa Savoy foi deseñada como unha **"máquina de habitar"**: as funcións da vida cotiá son fundamentais para o deseño da vivenda. Por exemplo, o acceso do automóbil á casa, foi esencial para a forma que adopta esta vivenda.

Le Corbusier busca producir **vivendas "en serie"** e **autónomas da paisaxe**, que se poidan construír en calquera lugar do planeta.

CONCLUSIÓN:

Nesta obra, un dos **expoñentes máis importantes da arquitectura moderna**, Le Corbusier puxo en práctica os seus xa comentados cinco principios da arquitectura: os pilotes que elevan o edificio; a cobertura plana e axardinada; a pranta libre na que os tabiques son independentes da estrutura; a fachada autónoma, xa que está en saledizo respecto dos pilotes; e as características fiestras alongadas e de gran tamaño.

Para moitos, é a **obra mestra** de Le Corbusier e un dos **edificios máis influentes do século XX**, paradigma da arquitectura moderna, convertíndose no modelo de vila suburbana da época contemporánea.

Na actualidade é unha casa-museo e Patrimonio Monumental de Francia.